Campaña de recuperación de libros non devoltos

Xa desde principio de curso, nas xornadas de Formación de usuarios, e tamén nas aulas o equipo de biblioteca insiste na necesidade de devolver os libros no prazo indicado; despois, mes a mes, con listaxes na man, avisamos persoalmente ao alumnado con libros pendentes para que acudan á biblioteca a devolvelos e, así, conseguimos recuperar un número importante de exemplares. Pero a pesar destes esforzos, hai tamén unha cantidade de libros que non son devoltos ou que desaparecen da biblioteca e que non figuran como emprestados no Meiga.

Por todo isto, pedimos a colaboración das familias para que contribúan á recuperación destes libros, que son de toda a comunidade educativa.

Campaña en positivo.

Empezaremos cunha campaña de recollida de libros sen penalización. Acompañamos este escrito dun arquivo co texto que imos poñer en todas as aulas e nos corredores próximos á biblioteca, así como no interior da mesma.

A mediados de febreiro poñeremos en práctica medidas como as seguintes:

-Non emprestar ningún libro máis ate que se devolvan os anteriores.

-Non emprestar libros durante un período por determinar (1 mes, 2, todo o curso, etc.).

-Poñer un parte de incidencia específico cando sexan esgotados sen éxito todos os avisos previos. A comunicación oficial ás familias a través do devandito parte implicará unha sanción que, ademais da devolución ou reposición dos libros, pode chegar ata a expulsión do centro.